

EXPEDIENTE XESTION URBANISTICA 2017027218.

ASUNTO : CONVOCATORIA PARA LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN

DESTINATARIO : PAXINA WEB

CONVOCATORIA PARA O LEVANTAMENTO DAS ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN

Expediente de expropiación forzosa, con urxente ocupación, dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra *Proxecto integrador da estación intermodal de Ourense (Estación de ferrocarril e conexión de permeabilidade transversal, estación de autobuses e aparcamento)*

Con data de 7 de decembro de 2017 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Proxecto integrador da estación intermodal de Ourense (Estación de ferrocarril e conexión de permeabilidade transversal, estación de autobuses e aparcamento) como proxecto público de urxencia ou especial interese .

De acordo co previsto no parágrafo 7 do artigo único da Lei 3/2016, de 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, a aprobación do proxecto supón a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou de imposición de servidumes, correspondendo ao Concello de Ourense a condición da administración expropiante e beneficiaria. Asemade, de conformidade co artigo 21.1 da Lei de Expropiación Forzosa o acordo polo que se declare a necesidade de ocupación inicia o expediente expropiatorio.

Con data de 9 de maio de 2018, por Decreto 48/2018 a Xunta de Galicia procedeu á declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para os efectos de expropiación para a mencionada obra.

Na súa virtude e en cumprimento do disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954, e 56 e seguintes do regulamento para a súa aplicación, o Concelleiro Delegado de Urbanismo por Providencia de 16 de maio de 2018 resolveu convocar ós titulares dos bens e dereitos afectados que figuran na relación que de seguido se indica, para que comparezan nos lugares, datas e horas que se detallan a seguir, co fin de proceder ao levantamento das actas previas á ocupación, nas cales se recollerán os datos necesarios para determinar os dereitos afectados, o seu valor e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ao lugar dos predios se o consideran necesario.

RELACIÓN DE TITULARES E BENS E DEREITOS AFECTADOS

ACTUACIÓNS: TERMINAL DE AUTOBUSES INTEGRADA NA ESTACIÓN INTERMODAL E APARCAMENTO PARA TURISMOS INTEGRADO NA ESTACIÓN INTERMODAL DE OURENSE

CONVOCATORIA PARA O LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS					
FINCA	TITULARES DE BENS OU DEREITOS	SUPERFICIE AFECTADA PLENO DOMINIO (m2)	SUPERFICIE TOTAL (m2)	Lugar data e hora	CODIGO REXISTRAL





1	ADIF-ALTA VELOCIDAD (Propietario) DISTRIBUCIONES FROIZ S.A. TENDEUS SPAIN S.L. COREN GRILL S.A.	3.806,00	3.806,00	Lugar: Sede da Área de Urbanismo e Vivenda Rúa García Mosquera núm. 19 1º Ourense Data: 19 de xuño de 2018 Hora: 12.30 Horas	32013000461008
1-A	ADIF-ALTA VELOCIDAD	2.145,00			
2	CONCELLO DE OURENSE	82,00	1.380,00		32013000461015
3A	ADIF-ALTA VELOCIDAD	403,00	3.985,00		32013000461022
3B	CONCELLO DE OURENSE	931,00	3.454,00		32013000461039

A ese acto deberán acudir os titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome xunto cos documentos acreditativos da súa titularidade.

Consonte dispón o artigo 56.2 do Regulamento de Expropiación Forzosa, ata o momento en que se proceda á realización da acta previa á ocupación os interesados poderán consultar o expediente completo no Negociado de Xestión Urbanística sito na rúa García Mosquera núm. 19 primeiro andar de luns a venres en horario de atención ao público de 9:00 a 14:00 horas.

Conforme establece o artigo 44 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a publicación desta resolución no Boletín Oficial do Estado servirá como notificación aos posibles interesados que non puidesen ser identificados, aos titulares de bens e dereitos que sexan descoñecidos, a aqueles dos que se ignore o seu domicilio, ou ben a quen, intentada a súa notificación, non se puidese practicar.

Ourense, 18 de mayo de 2018
O Concelleiro delegado de Urbanismo
P.D. Decreto 2018003100 de 2 de maio

José Jesús Cudeiro Mazaira

